



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE ABRIL DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Lalín para a realización das obras de construción dun novo terreo de xogo con sistema de céspede artificial no estadio municipal Manuel Anxo Cortizo cun investimento de setecentos mil vinte e oito euros con quince céntimos (700.028,15€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio tipo entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e determinados concellos, para a concesión das axudas ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da covid-19, así como o do modelo de resolución de concesión directa das axudas.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Ulises Proyect Eventos, S.L., para a celebración do Festival "O Marisquiño XX", por importe total de douscentos seis mil douscentos euros (206.200 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Salvaterra de Miño para a urbanización da rúa Galicia e a racionalización da rede viaria de titularidade da Xunta de Galicia no Concello de Salvaterra, por importe total de cincocentos mil trescentos tres euros con cincuenta céntimos (500.303,50 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilamarín para mellorar a accesibilidade da OU-189, por importe total de catrocentos cincuenta e tres mil oitocentos setenta euros con corenta e seis céntimos (453.870,46 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina antigripal, por un importe total de licitación de cinco millóns douscentos setenta e tres mil trescentos cincuenta e un euros con vinte céntimos (5.273.351,20 €) con IVE, e un valor estimado de seis millóns oitenta e catro mil seiscentos trinta e seis euros (6.084.636 €) sen IVE.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de Formación Turismo de Galicia 2021.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria para o ano 2021 do III Premio Empregados/as Públicos/as Innovadores/as.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a formación do persoal empregado público de Galicia no contexto da crise sanitaria derivada da covid-19.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a infraestrutura industrial pública para o tratamento dos biorresiduos recollidos de forma selectiva a través do quinto contedor.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe de actuacións do Plan Lía 2016-2020, de bibliotecas escolares.

CONSELLERÍA DE SANIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de Lei de prevención das adicións en menores da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia das adquisicións urxentes de bens e materiais, contratación de servizos e realizacións de obras para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de catro millóns setecentos dezaoto mil cento dezaseis euros con cincuenta e catro céntimos (4.718.116,54€) IVE incluído, na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA, para o financiamento das actuacións de tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual para o exercicio 2021.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de prevención de incendios forestais para o ano 2021.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o seguimento e impacto das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) no período 2016-2020 nas zonas pesqueiras en Galicia.

A XUNTA MODIFICA O DECRETO DE SOCORRISMO AMPLIANDO O PRAZO DE HABILITACIÓN DOS PROFESIONAIS ATA ABRIL DO 2022

- ***Este decreto que creou e regulou o rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia constituíu a primeira regulación completa para a habilitación da profesión na comunidade galega***
- ***Ademais, na procura de facilitar e axilizar a tramitación do procedemento, a inscrición provisional quedará prorrogada automaticamente, sen necesidade de presentar documentación ningunha***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, que fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e a creación do regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. Este decreto constituíu a primeira regulación completa para a habilitación da profesión en Galicia, establecendo uns novos altos estándares de calidade e capacitación para o desenvolvemento da profesión de socorrista en Galicia.

A situación de saúde pública que estamos vivindo provocada pola pandemia derivada da covid-19 dificultou a realización da previsión inicial dos cursos habilitantes para a obtención dos requisitos mínimos para a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, o que pon de manifesto a necesidade de ampliar o prazo para que aos profesionais formados con anterioridade á actual regulación se lles garanta a posibilidade da obtención da cualificación ou formación profesional correspondente.

As garantías dunha axeitada prestación de servizos de calidade exixen xestionar o cambio incorporando transitoriamente os profesionais formados ao abeiro da situación anterior á entrada en vigor do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que, mediante a disposición transitoria única e durante o período transitorio de 5 anos, se permitía garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, e se poderían inscribir de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumprisen cos requisitos da norma.

Os profesionais tiñan de prazo para obter a habilitación ata este mes de abril, e o Goberno galego en prol dunha axeitada prestación de servizos de calidade, aproba este decreto que prorroga ata o día 30 de abril de 2022 a habilitación.

Ademais, na procura de facilitar e axilizar a tramitación do procedemento, a inscrición provisional dos socorristas acuáticos quedará prorrogada automaticamente, sen necesidade de presentar documentación ningunha. Antes do 31 de decembro de 2021, a Academia Galega de Seguridade Pública remitirá, ao enderezo que conste no rexistro de cada persoa inscrita, o distintivo co novo período de validez.

AUTORIZADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE DOTARÁ A LALÍN DUN NOVO TERREO DE XOGO NO ESTADIO MUNICIPAL MANUEL ANXO CORTIZO

- ***O importe total da actuación ascende á máis de 700.000 euros dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte financiará 450.000 euros***
- ***É unha actuación que afianza o compromiso co deporte base da comarca dezá xa que no estadio Manuel Anxo Cortizo adestran un 600 rapaces e rapazas***
- ***Dos 32.474.216 euros con que conta a Secretaría Xeral para o Deporte en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020***

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a realización das obras de construción dun novo terreo de xogo con sistema de céspede artificial no estadio municipal Manuel Anxo Cortizo.

O importe total das actuacións que se van realizar ao abeiro deste convenio ascende á máis de 700.000 euros (700.028,15 euros). A Secretaría Xeral para o Deporte financiará a dita actuación coa cantidade de 450.000 euros, mentres que o Concello de Lalín achegará o resto (250.028.15 euros).

O Estadio Municipal Manuel Anxo Cortizo conta cunha pista de atletismo, unha base para lanzamento de martelo e tres terreos de xogo, habilitados para fútbol, rugby e fútbol 7. A Xunta de Galicia colabora co Concello de Lalín na execución transformación do actual campo de fútbol, dotado na actualidade de céspede natural, mediante a construción dun novo terreo de xogo con sistema de céspede artificial de última xeración, con mínimo mantemento e máximo grao de uso. Cómpre salientar a importancia desta actuación dada a excelente política deportiva de base que ten no estadio Manuel Anxo Cortizo, unha instalación de referencia en que adestran un 600 rapaces e rapazas.

A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros con que conta en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020 cando se destinou ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AOS CONVENIOS TIPO QUE SE SUSCRIBIRÁN COS CONCELLOS QUE DECIDAN UTILIZAR A PLATAFORMA DA XUNTA PARA REPARTIR AS SÚAS AXUDAS Á HOSTALARÍA

- ***A Xunta continúa a tramitar o antes posible os apoios aos sectores afectados pola pandemia simplificando os trámites e axilizando os prazos***
- ***Os concellos interesados en distribuír as súas axudas aos hostaleiros a través da plataforma da Xunta poderán sumarse ao convenios para que o Goberno galego adiante a cantidade que teñan previsto destinar aos hostaleiros do seu municipio***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos convenios tipo cos concellos que decidan utilizar a plataforma da Xunta para repartir as súas axudas á hostalaría, dando continuidade así a que se poidan tramitar o antes posible os apoios aos sectores afectados pola pandemia e simplificando os trámites e axilizando os prazos.

Os concellos interesados en distribuír as súas axudas aos hostaleiros a través da plataforma da Xunta poderán sumarse para que o Goberno galego adiante a cantidade que teñan previsto destinar aos hostaleiros do seu municipio, e que se viron afectados polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias, co obxectivo de poder achegar as axudas con maior axilidade e que se sumarán ás do II Plan de Rescate da Xunta.

Os convenios que asinen as entidades locais permitirán á Xunta adiantar os cartos que os concellos destinen aos seus propios hostaleiros, aos que se lles detraerá, posteriormente, a cantidade, ben con cargo ás transferencias do Fondo de Cooperación Local ben con cargo ás partidas orzamentarias municipais, segundo decida cada entidade local.

O importe da axuda complementaria ascenderá á cantidade de 1.000 euros por establecemento e poderá estar destinada ás solicitudes que obtiveron axuda conforme a Orde do 22 de febreiro de 2021 ou a aquelas que non resultasen atendidas por esgotamento do crédito.

Co fin de poder levar a cabo as actuacións previstas no presente convenio, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes das axudas da Orde do 22 de febreiro de 2021, elaborouse unha listaxe coas solicitudes presentadas en cada concello, que se puxo á disposición destes co obxecto de que, se están interesados, poidan proceder a formalizar o convenio.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS A ASEGURAR A CELEBRACIÓN DA 20ª EDICIÓN DO MARISQUIÑO EN VIGO

- ***A achega económica farase a través dun convenio entre Turismo de Galicia e a organización do evento, que se celebrará en agosto deste ano***
- ***A achega do Goberno galego esta edición ao evento deportivo supón un incremento de máis do 30% respecto aos dous últimos anos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Vicepresidencia primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a empresa Ulises Project Eventos para a celebración dunha nova edición do festival O Marisquiño, que terá lugar o vindeiro mes de agosto en Vigo.

A achega do Goberno galego para esta edición ascende a un total de 200.000 euros cos que se garante a celebración da 20ª edición deste evento plenamente consolidado e que supón un incremento do 32% respecto ás achegas feitas por parte da Xunta de Galicia nos dous últimos anos.

Para a concesión desta axuda económica, o Goberno galego recoñeceu o importante impacto económico que xera este festival que en 2019 reuniu en Vigo a 160.000 persoas ao longo dos seus 3 días de duración. Tamén se valorou favorablemente a relación entre deporte e turismo, especialmente de eventos deportivos de acción vencellados coa cultura urbana, así como a súa relevancia no proceso de reposicionamento do destino turístico de Vigo e, por extensión, da comarca e do conxunto de Galicia.

De feito, a colaboración da Xunta de Galicia con este festival prodúcese desde 2014 a través da sinatura de diferentes convenios e xestión de patrocinios a través de Turismo de Galicia e da Secretaría Xeral do Deporte, que permitiron que O Marisquiño se consolidara ao longo do tempo como una cita imprescindible no calendario deportivo galego.

Para este Marisquiño XX, edición en que cumpre 20 anos de celebración en Vigo só interrompida o ano pasado por mor da pandemia, o festival acollerá a disputa de diferentes eventos deportivos entre os que están xa confirmadas os campionatos de disciplinas que serán olímpicas na próxima edición dos Xogos de Tokio 2020 como o BMX Free Style, Mountain Bike-Descenso Urbano ou o Street Basket 3x3, ademais do Break Dance, que recentemente foi recoñecido en Galicia como modalidade deportiva.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO CO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A APERTURA E URBANIZACIÓN DA RÚA GALICIA, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 500.000 €

- *O obxectivo é completar a vertebración do centro urbano coa apertura dunha nova vía, a rúa Galicia, que mellorará a mobilidade para os peóns e os vehículos*
- *O proxecto inclúe a dotación dos servizos de saneamento, abastecemento ou iluminación, o pavimentado da vía e das beirarrúas e a humanización da zona*
- *A Xunta financiará as actuacións e o Concello deberá realizar os trámites expropiatorios, redactar o proxecto, licitar e acometer os traballos*
- *A Xunta configurou neste municipio un eixe vertebrador formado polas estradas PO-510 e PO-400 e as que o conectan con Portugal ao sur e coa A-52 ao norte*
- *O Goberno galego propón a transferencia a prol do Concello das estradas PO-420, PO-430, PO-432 ou PO-433, ao ter actualmente funcionalidade urbana*

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021.- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Salvaterra de Miño para a apertura e a urbanización da rúa Galicia, cun investimento autonómico de máis de 500.000 euros.

No marco desta colaboración, a Xunta financiará as expropiacións dos terreos necesarios e a execución das obras. O Concello deberá realizar os trámites expropiatorios, redactar o proxecto, licitar e acometer os traballos.

O centro do núcleo urbano de Salvaterra de Miño vértase a través de varias rúas, cuxos treitos pertencen ás estradas autonómicas PO-409 e PO-400 e PO-432, xa transferidos ao Concello. O obxectivo do acordo hoxe autorizado é completar esta vertebración que o Concello promove coa apertura dunha nova vía no núcleo urbano, partindo da estrada PO-432, de titularidade autonómica.

Coa apertura do novo tramo proxectado, a rúa Galicia conectarase ás principais rúas do centro e mellorase a mobilidade, tanto para os peóns como para os vehículos.

A urbanización da rúa Galicia implicará a apertura ao tráfico rodado e peonil dun novo treito viario urbano entre as rúas Curros Enríquez e Castelao, no inicio da estrada PO-432.

A intervención, unha vez executados o movemento de terras e a demolición de pequenas estruturas, prevé a instalación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento, iluminación eléctrica e telecomunicacións, e a posterior pavimentación da vía.

Tamén se delimitarán as vías con bordo prefabricado de formigón e disporanse elementos para a recollida das augas pluviais. As beirarrúas pavimentaranse con lousa hidráulica sobre base de saburra e formigón.

O proxecto incluírá a humanización desta contorna coa plantación de árbores e a disposición de mobiliario urbano e sinalización.

Cambios de titularidade

A Xunta actuou nos últimos anos para mellorar a rede autonómica de estradas no concello de Salvaterra de Miño, configurando un eixe vertebrador formado polas estradas PO-510 e PO-400, así como as que o conectan con Portugal ao sur e coa A-52 ao norte.


A execución destas actuacións modificou a mobilidade do municipio, perdendo certos treitos de vías autonómicas o seu obxectivo de comunicación interurbana e pasando a ter funcionalidade urbana.

Neste sentido, a Xunta propón a transferencia a prol do Concello da totalidade das estradas Taboexa – Vilacova (PO-420); da que vai a Leirado (PO-430); a Salvaterra- Río Miño (PO-432) ou a que vai a Cabreira (PO-433), entre outras.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade, o Concello de Salvaterra de Miño terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

No seguinte plano amósase a nova vía proxectada, a rúa Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O INVESTIMENTO DE CASE 455.000 EUROS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESTRADA OU-189 EN SAN MARTIÑO E PAZOS DE MONTE, NO CONCELLO DE VILAMARÍN

- *Actuarase nun treito de algo máis de 2,3 km desta estrada, configurada como un treito antigo da OU-901, de calzada única con carrís de 3 metros e sen beiravía e beirarrúas, agás nalgúns treitos das citadas parroquias*
- *A Xunta asumirá o custo das actuacións, correspondéndolle á entidade local a adxudicación e execución das obras, así como asumir a titularidade da vía*
- *Renovaranse as beirarrúas en ambas as marxes da travesía Pazos de Monte e na entorna do peitoril do río instálase protección peonil e de contención de vehículos*
- *As obras completaranse con nova iluminación para reforzar a seguridade dos treitos con tránsito peonil*
- *O Executivo autonómico e o Concello colaboran para fomentar investimentos que melloren as infraestruturas viarias, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida da cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Vilamarín para a mellora da estrada OU-189 en San Martiño e Pazos de Monte.

Cun investimento autonómico de case 455.000 euros, esta colaboración entre as administracións autonómica e local ten como obxectivo a mellora das condicións de accesibilidade e a mobilidade dos veciños deste concello ourensá.

O Goberno galego autoriza as actuacións previstas nesta estrada de titularidade da Xunta, configurada como un treito antigo da OU-901, de algo máis de 2,3 km de lonxitude, de calzada única con carrís de 3 metros, en xeral sen beiravía e beirarrúas, agás nalgúns treitos das citadas parroquias.

Coa sinatura do convenio, a Xunta asumirá os gastos de execución das obras e comprométese a achegar o proxecto redactado ao Concello.

Pola súa banda, o Concello de Vilamarín asumirá a titularidade da OU-189 na súa totalidade. Para iso, asinará a acta de entrega correspondente antes da licitación da obra, que tamén será levada a cabo pola entidade local.

As intervencións previstas no marco do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico comprenden a mellora do estado do firme e da accesibilidade desta estrada, coa renovación da capa de rodadura da plataforma.

Na actuación inclúese a construción de senda-cuneta en pavimento de formigón e senda cuneta peonil, entre os puntos quilométricos 1+810 e 1+880, en pavimento de Istros; así

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta


como a renovación das beirarrúas existentes en ambas as marxes da travesía Pazos de Monte, desde o punto quilométrico 1 á intersección do punto 1+130.

Tamén se prevén actuacións puntuais para a recollida de augas naqueles puntos en que se altere a sección transversal e a instalación de protección nas inmediacións do peitoril do río, no punto quilométrico 1+665, para protección peonil e como sistema de contención de vehículos.

As obras completaranse con nova iluminación para incrementar a seguridade dos treitos con tránsito peonil.

Con estas actuacións o Goberno galego, en colaboración co Concello de Vilamarín, trata de fomentar investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía.


Treito obxecto da actuación e do cambio de titularidade:



Detalle da actuación en San Martiño:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE SEIS MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE 885.800 DOSES PARA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN

- ***Supón a adquisición de 145.800 vacinas máis que a campaña anterior, xa que Sanidade prevé un incremento do número de vacinacións ligado á actual pandemia do coronavirus***
- ***A gripe pode ser grave e incluso mortal especialmente nos grupos de risco, como é o caso das persoas maiores e aquelas con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións***

A Consellería de Sanidade vai destinar un importe estimado de 6.084.636 euros para a adquisición de 885.800 doses da vacina antigripal, o que supón 145.800 doses máis das adquiridas o pasado ano. O departamento sanitario galego prevé un incremento do número de vacinacións ligado á actual pandemia do coronavirus.

O obxectivo desta vacinación anual é reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade. Por iso ofértase de xeito gratuíto ás persoas incluídas nos grupos de risco, co fin de conseguir unhas adecuadas coberturas que reduzan a morbimortalidade e os custos socioeconómicos asociados ao seu padecemento.

A vacina da gripe reformúlase todos os anos debido as variacións que se producen nos virus gripais, co obxecto de que concorden o máis posible os virus incluídos nas vacinas cos virus circulantes. Todas as vacinas deben conter as cepas especificadas pola Organización Mundial da Saúde.

Grupos de risco

O departamento que dirixe Julio García Comesaña, a través da súa Dirección Xeral de Saúde Pública, realiza ininterrompidamente, desde o ano 1991, a campaña anual de vacinación antigripal entre os meses de outubro e decembro de cada ano.

Sanidade lembra que esta enfermidade pode ser grave e incluso mortal, especialmente nalgúns grupos, tales como as persoas maiores, as mulleres embarazadas e aquelas persoas con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións por esta enfermidade.

Cómpre remarcar que a vacina da gripe é un instrumento esencial de saúde pública ao ser un mecanismo de prevención para unha das enfermidades de maior morbilidade e mortalidade, e que aparece periodicamente. Ademais, a gripe tamén está na orixe dun gran número de baixas laborais. Así mesmo, a vacina da gripe beneficia tanto ás persoas vacinadas como ás non vacinadas e susceptibles que viven na contorna (inmunidade de grupo), así como a toda a sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINA PRETO DE 90.000 EUROS AO NOVO PLAN DE FORMACIÓN PARA O SECTOR TURÍSTICO QUE OFERTARÁ MÁIS DE 5.000 PRAZAS AOS PROFESIONAIS

- *A formación estará dispoñible a través do Portal de teleformación creado por Turismo de Galicia no 2020, a través do Centro Superior de Hostalaría de Galicia*
- *O novo Plan oferta un 86% máis de horas de formación e novos contidos orientados a mellorar as capacidades e competitividade do sector*

Co obxectivo de seguir mellorando as competencias profesionais do sector turístico galego e contribuír a mellorar a súas capacidades e competitividade, o Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe relativo ao novo Plan de Formación do turismo de Galicia que o Goberno galego ven de impulsar para a súa posta en marcha de xeito inminente, co obxectivo de formar a máis de 5.000 profesionais do sector turístico ata finais de ano.

Dotado cun orzamento de 89.131,34 euros, a segunda edición deste Plan ofertará formación en materias como os idiomas, a xestión das empresas, gastronomía sustentable, calidade ou transformación dixital a través dun total de 5.233 prazas das que se poderán beneficiar os profesionais do sector do turismo a través de cursos de formación presenciais, híbridos ou en liña ofertados a través do Portal de teleformación creado por Turismo de Galicia a través do Centro Superior de Hostalaría de Galicia.

O Plan recolle, ademais, formación transversal en diferentes ámbitos como a seguridade sanitaria, a accesibilidade ou a sustentabilidade, así como novos contidos con respecto á edición anterior como un módulo especialmente orientado ao Camiño con actividades formativas específicas para os axentes do Camiño, así como outras actividades transversais para empresas e profesionais do sector turístico vencellados coa Ruta Xacobeana orientadas a mellorar a calidade do sector neste Xacobeo 21-22.

Incremento nas prazas e na formación

O novo plan incrementa nun 86% as horas de formación, pasando das 30.000 da primeira edición ás 56.000 deste ano. Este incremento tradúcese na incorporación de novos contidos así como no reforzo nas horas de formación dedicadas á seguridade sanitaria ou á formación de idiomas. Así, por exemplo, os cursos de inglés incrementan un 75% o número de horas, ademais de incorporar novas linguas como francés, alemán, italiano e portugués.

Do mesmo xeito, tamén se reforzan as competencias profesionais do persoal e dos directivos do sector turístico en materias como transformación dixital, sustentabilidade ou calidade a través do programa *Anfitriónes*, así como formacións específicas para os diferentes colectivos como Turismo inclusivo para Guías, relación dixital do cliente para axencias de viaxe, prevención de riscos nas actividades de turismo activo ou xestión de empresas de aloxamento para hoteis, casas rurais, cámpings, albergues ou apartamentos turísticos.

Este segundo Plan é froito do reforzo e a mellora do primeiro, xurdido tras o comezo da crise da covid-19 e que supuxo unha revolución en canto a dar resposta áxil e profesional ás



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

novas necesidades do sector fronte á pandemia, incorporando á formación continua aspectos como a seguridade sanitaria, a transformación dixital ou os principios da sustentabilidade, de cara a preparar ao sector turístico galego para a súa reactivación trala crise. Este primeiro plan de formación impulsado durante o segundo semestre do ano pasado permitiu ofrecer 500 accións que supuxeron un total de 30.000 horas de formación certificada.



A XUNTA CONVOCA A III EDICIÓN DO PREMIO EMPREGADO PÚBLICO INNOVADOR PARA OFRECER MELLORES SERVIZOS Á CIDADANÍA A TRAVÉS DUNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MÁIS EFICIENTE E MODERNA

- ***O Consello acordou celebrar unha nova convocatoria deste certame que recoñece o compromiso e actitude innovadora do persoal ao servizo da Administración autonómica***
- ***Haberá dúas modalidades, unha centrarase na identificación de oportunidades e outra no proxecto con temática máis innovadora***
- ***O ano pasado recibíronse un total de 35 propostas e foron distinguidos un proxecto de Augas de Galicia para impulsar unha xestión integral e avanzada dos recursos hídricos galegos e outro do Laboratorio de Consumo de Galicia centrado nunha aplicación móbil para axilizar e facilitar a vixilancia do mercado***

O Goberno galego convocará a terceira edición dos Premios aos Empregados Públicos Innovadores, que buscan recoñecer a actitude innovadora do persoal ao servizo da Xunta de Galicia que fai posible unha Administración pública máis eficiente, moderna e innovadora e que contribúe á mellora dos servizos públicos. Establécense dúas convocatorias: a de identificación de oportunidades e a de proxecto con temática máis innovadora.

No primeiro caso, as propostas deberán detallar e definir unha problemática no servizo que prestan á cidadanía, así como as razóns que motivan a necesidade de interese que tería a súa resolución. Na segunda modalidade distinguíranse proxectos innovadores, xa realizados ou en curso, e os candidatos terán que detallar o proceso da iniciativa, expoñer os puntos considerados fundamentais e xustificar as características que lle outorgan un carácter innovador.

Segundo se informou hoxe no Consello da Xunta, poderá presentarse todo o persoal funcionario e laboral pertencente á Administración xeral da Comunidade autónoma, ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e ás universidades públicas galegas. Entre os criterios de valoración destacan o interese da oportunidade identificada e a relevancia segundo o contexto; a orixinalidade na presentación; o impacto e efecto dinamizador ou a posibilidade de levala á realidade, no caso da modalidade de identificación de oportunidades. Para o proxecto coa temática máis innovadora teranse en conta os avances da proposta fronte a outras solucións; a orixinalidade; a replicabilidade; ademais do impacto ou a calidade, capacidade e compromiso do equipo técnico e promotor.

Os premios serán de 2000 euros no caso de que os gañadores presenten o proxecto de xeito individual, e de 3000 euros nos proxectos que sexan presentados por equipos de ata tres persoas. Ademais, a concesión destes premios incluírase entre os criterios de avaliación para o seu recoñecemento na carreira profesional.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Un comité de avaliación encargárase do exame de propostas. Estará formado por un avaliador do Departamento de Xestión da Innovación,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

unha persoa de ámbito galego comprometida coa innovación na Administración e unha persoa do ámbito nacional vinculada á promoción da innovación desde a demanda.

O ano pasado presentáronse un total de 35 propostas e foron distinguidas unha iniciativa de Augas de Galicia –*Innovaugas 4.0: Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos*, un proxecto de compra pública de innovación para a xestión integrada e avanzada das augas–; e outra do Laboratorio de Consumo de Galicia –*Busca da excelencia na vixilancia do mercado: Aplicación Cebra*, unha aplicación móbil para axilizar o traballo de vixilancia do mercado tanto na fase de inspección como de análise.

Estes premios son unha das actuacións específicas recollidas pola Vicepresidencia Económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), no Programa integral de impulso da Compra Pública de Innovación (Programa Innpulsa CPI). Deste xeito, búscase consolidar Galicia como un referente neste instrumento que fomenta a innovación a través da contratación de novas solucións e produtos por parte da Administración. Co convencemento de que son as persoas as que constrúen a innovación nas organizacións, esta iniciativa xorde co obxectivo de motivar, sensibilizar e incentivar aos empregados públicos que participan de forma activa nos diferentes procesos da innovación.

Buscase así, no marco da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia, amosar as boas prácticas no ámbito da innovación para que sirvan de exemplo e inspiración ao tecido empresarial e aos profesionais e, en xeral, ao conxunto da sociedade galega, poñendo de relevo como a innovación é esencial para aumentar a competitividade empresarial e a calidade de vida das persoas.



A EGAP MULTIPLICA POR CATRO A OFERTA DE PRAZAS EN CURSOS PARA A XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS

- **Máis de 300 empregados públicos recibirán formación específica relacionada coa xestión dos fondos covid e co deseño e xestión de proxectos europeos**
- **A Escola Galega de Administración Pública intensifica este ano as diversas modalidades de formación a distancia como a teleformación e a telepresenza**
- **No último ano a Escola impartiu formación de xeito ininterrompido, mantivo a súa calidade e redeseñou unha programación comprometida coas novas necesidades da Administración galega derivadas da crise sanitaria**

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) multiplicou por catro a oferta de prazas en cursos para a xestión de fondos europeos de recuperación e resiliencia. En total, 330 empregados públicos recibirán formación específica en cursos relacionados coa xestión dos fondos covid; o deseño e xestión de proxectos europeos; e cos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ou o Fondo Social Europeo (FSE).

A EGAP adapta así a súa programación formativa ás necesidades da Administración galega no actual contexto de crise sanitaria e prioriza a formación dos empregados públicos en materias que resultan esenciais para o mellor funcionamento dos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

O plan de formación para 2021 da Escola Galega de Administración Pública incide, ademais, na realización de cursos a través da teleformación, a telepresenza e a autoformación, modalidades ás que se destinan o 93% do total de prazas dispoñibles para este ano, que ascende a 31.469 repartidas en 615 actividades formativas. Ademais, continuará impartindo cursos presenciais con todas as garantías sanitarias e co aforo reducido.

A EGAP levou a cabo no último ano un importante esforzo co obxectivo de adaptar á situación derivada da covid-19 a organización dos diferentes cursos e técnicas docentes para continuar impartindo formación de xeito ininterrompido e sen minguar a súa calidade.

Medidas postas en marcha no 2020

A crise sanitaria derivada da pandemia da covid-19 ocasionou cambios importantes que obrigaron ás administracións públicas a poñer en marcha numerosas medidas que minimizasen o seu impacto.

Desde a EGAP priorizouse a necesidade de ofrecer formación de xeito ininterrompido aos empregados públicos utilizando para iso todos os medios dispoñibles. Así, no caso da teleformación e da autoformación, mantívose en todo momento a actividade e continuouse impartindo o 100% da formación en liña prevista inicialmente, cun seguimento do 82% entre o alumnado. Para acadar este seguimento, a Escola realizou todos os exames a través da plataforma en liña e non penalizou os abandonos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, incrementouse notablemente o número de cursos ofertados a través da modalidade de telepresenza, unha técnica docente que permite impartir formación mediante a conexión en tempo real e a distancia entre o docente e o alumnado a través de salas de videoconferencia.

Esta rápida adaptación foi posible grazas aos medios tecnolóxicos de que xa dispoñía a Escola, á bagaxe da organización na formación en liña e tamén grazas á existencia dunha rede de xestores de formación interna. A previsión inicial para 2020 implicaba impartir o 81% da docencia nas modalidades non presenciais, cifra que se incrementou ata alcanzar o 92% da actividade programada.

Por outra banda, no caso das actividades presenciais, os cursos previstos convertéronse á modalidade de telepresenza ou, nos casos en que isto non foi posible, aprazáronse. En todo caso, mantívose a actividade presencial naqueles casos en que os respectivos docentes entenderon que as materias non podían ser impartidas doutro xeito, coas medidas preventivas necesarias para o que se elaborou un protocolo de uso das instalacións da EGAP que recollía as directrices e recomendacións das autoridades sanitarias.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 52 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A XESTIÓN DOS BIORRESIDUOS E SEGUIR REDUCINDO ASÍ AS EMISIÓNS DE CO₂

- ***O Consello da Xunta coñeceu un informe sobre a cobertura da infraestrutura industrial e as distintas iniciativas dispoñibles para que os concellos galegos valoricen a materia orgánica***
- ***Esta rede inclúe as catro plantas de biorresiduos e 13 plantas de transferencia para o transvase da materia orgánica que darán servizo aos concellos adheridos a Sogama***
- ***Grazas a esta configuración un 90% dos concellos que teñen contrato con Sogama para a xestión dos residuos urbanos disporán dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia***

A Xunta de Galicia mobilizará un orzamento de máis de 52 millóns de euros para mellorar a xestión dos biorresiduos e seguir reducindo así as emisións de CO₂. Esta é unha das conclusións que se recolle no Informe sobre a cobertura da infraestrutura industrial e loxística para a valorización da materia orgánica de Galicia, presentado esta mañá no Consello da Xunta.

Tal e como establece a Unión Europea, a finais de 2023, os concellos galegos deberán ter implantada a recollida selectiva da materia orgánica a través do quinto contedor, o de cor marrón. Co obxectivo de axudar aos entes locais a cumprir con esta obriga, a Xunta está a definir a loxística e a infraestrutura industrial necesaria. Dentro desta infraestrutura destacan dous tipos de plantas: as de biorresiduos e as de transferencia.

Así, un 50% do orzamento (25 M€) destinarase á construción das tres novas plantas de biorresiduos que se localizarán nos concellos de Vilanova de Arousa, Cervo e Verín.

A Xunta marcouse como obxectivo que cada provincia galega contara cunha planta de biorresiduos. A primeira foi a de Cerceda, xa operativa, con capacidade para atender a 18 concellos; á que se sumarán as de Vilanova de Arousa, Cervo e Verín, cuxo proxecto de redacción xa está adxudicado. As catro plantas no seu conxunto darán servizo a 85 concellos, nos que residen máis de 700.000 habitantes, e a previsión é que estean operativas no ano 2022.

As catro instalacións teñen unhas características comúns, como son reducir o impacto da planta na contorna máis inmediata, o emprego de enerxías renovables, unha máxima recuperación de subprodutos con técnicas automáticas de clasificación, e un compost estable e de alta calidade. A capacidade de procesamento só destas catro plantas é 46.200 toneladas anuais de residuos orgánicos e material estruturante, coas que se obterán entre 12.000 e 13.000 toneladas de compost.

Plantas de transferencia

Outra parte importante do orzamento que mobilizará a Xunta será para mellorar e adaptar o funcionamento actual das microplantas e das de transferencia, que existen ao longo da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

xeografía galega, titularidade de Sogama, nas que se poderá facer un transvase da fracción de lixo correspondente ao quinto contedor.

Co fin de facilitar a plena operatividade deste tipo de instalacións, a Xunta prevé un investimento de 5 millóns de euros para a transformación de 5 microplantas en plantas de transferencia (Curtis, Ponteceso, A Cañiza, Riotorto e A Lama), e a construción dunha nova planta en Cee, máis ampla e eficiente que a actualmente en funcionamento, localizado no Monte de Son.

Tamén reserva unha partida de 2 millóns de euros para a adaptación de 7 plantas de transferencia (Chantada, Sarria, Vigo, Silleda, A Rúa, Narón e O Porriño), instalacións que precisarán da habilitación dunha tolva específica para a materia orgánica. Todas estas instalacións estarán adaptadas para o seu funcionamento no ano 2022.

A intervención nestas infraestruturas responde ao compromiso do Goberno galego por axudar aos concellos e evitar que a distancia entre un municipio e a planta de biorresiduos non sexa unha limitación para que as administracións locais.

Deste xeito, con esta infraestrutura loxística e industrial que inclúe as catro plantas de biorresiduos e 13 plantas de transferencia, a Xunta dará servizo a 295 concellos galegos, que aglutinan a unha poboación de máis de 2.240.000 habitantes (un 82,88%), dos que 280 disporían dunha planta de residuos ou de transferencia a unha distancia inferior de 50 quilómetros de distancia.

Compostaxe individual ou comunitario

Segundo a análise realizada pola Xunta existen 15 concellos que se sitúan a unha distancia superior aos 50 quilómetros dalgunha destas instalacións, 11 localizados na provincia de Ourense, tres na de Lugo, e un na de Coruña. Todos, agás Ribeira, contan cunha poboación media de 1.100 habitantes, polo que para garantir este servizo apóstase pola implantación da compostaxe individual e/ou comunitaria.

No caso de Ribeira, con preto de 27.000 habitantes, este concello está a habilitar a súa propia planta de transferencia, debendo estar preparada no seu momento para transvasar a materia orgánica do quinto contedor.

Con esta planificación, o Goberno galego quere avanzar, da man dos concellos, no reto que marca Europa, e poñer en valor a materia orgánica (que representa un 42% da composición media dunha bolsa de lixo tipo) a través da súa conversión en compost, material que regresa ao solo en forma de nutriente, un exemplo claro e práctico de economía circular.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIU CASE 14M€ NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS

- ***O Plan LÍA 2016-2020 supuxo un incremento de financiamento do 33% respecto do período anterior***



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- **A Consellería de Educación ten previsto un reforzo de 3M€ este ano para as bibliotecas**
- **O concepto de biblioteca recollido neste plan, implantado case na súa totalidade en centros do rural, perfílase como modelo de futuro de aprendizaxe**
- **Estes espazos funcionan como laboratorio de ideas e espazo maker, onde ademais da lectura individual e o traballo grupal, contan con recursos para desenvolver actividades relacionadas co audiovisual, as ciencias, a robótica ou a impresión 3D**
- **O impulso á inclusión, entre as principais liñas de actuación do futuro**
- **O 94% do alumnado fai un uso cotiá da súa biblioteca escolar e no 80% dos centros este espazo conta con estudantes voluntarios**

A Xunta de Galicia investiu case 14M€ nas bibliotecas escolares nos últimos cinco anos. Así se recolle no informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre o desenvolvemento do Plan LÍA (Lectura, Información, Aprendizaxe) de Bibliotecas Escolares 2016/2020, do que se deduce un incremento de financiamento do 33% respecto do plan do período anterior (2010/2015).

Para 2021, en que se lanzará un novo Plan LÍA, está previsto un reforzo de 3M€ en materia de bibliotecas escolares, en concreto a través do lanzamento dunha nova liña de actuación dirixida a incentivar e apoiar as bibliotecas escolares nos centros do rural non integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE), así como do incremento do orzamento do curso 2021/22 no referido á dotación para adquisición de fondos neste plan.

Por outra banda, prevese o deseño dunha nova acción para a renovación da colección de materiais inclusivos para unha mellor atención á diversidade do alumnado nas bibliotecas escolares, ademais de fomentar a participación de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas actividades das bibliotecas. Así mesmo, estenderase a convocatoria dos clubs de lectura aos centros de educación Primaria –ata agora só presente en Secundaria– e promoveranse as iniciativas de lectura en galego.

Aceleradores da innovación

As bibliotecas escolares galegas veñen actuando como aceleradores da innovación educativa, ao promover prácticas pedagóxicas activas e poñer á disposición de toda a comunidade educativa equipamentos, recursos, servizos e oportunidades de aprendizaxe individual e compartida.

Na actualidade, as bibliotecas escolares galegas son unha referencia para outras comunidades autónomas, especialmente ao abeiro do exitoso Plan de mellora de bibliotecas escolares, que chega xa a 742 centros. No curso 2020/21 este programa beneficia ao 76% do alumnado matriculado en centros públicos.

Entre outros logros, o 94% do alumnado dos centros PLAMBE fai un uso cotián da biblioteca escolar e no 80% destes centros a biblioteca conta con alumnado voluntario. Ademais, no 93% destes centros as novas tecnoloxías están integradas nas actividades da biblioteca e no 86% existe un programa de formación de usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Un dos principais desafíos do Plan LÍA 2016-2020 era o de reforzar o concepto de biblioteca escolar como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade educativa, a través dun modelo de biblioteca inspirado nos modelos de *learning commons* e a cultura dos *makerspaces*, que funciona como espazo de traballo ao servizo do currículo e de todas as áreas e materias, o que supón un importante cambio metodolóxico.

A posta en marcha en decembro de 2016 do proxecto *Bibliotecas LÍA.2* supuxo un fito neste desafío. Na actualidade, forman parte desta rede 25 centros, case a práctica totalidade deles no rural, configurando un sistema de éxito que se perfila como o modelo a seguir nos próximos anos.

As novas *Bibliotecas LIA.2* responden ao novo concepto de biblioteca que funciona como laboratorio de ideas e espazo *maker*. Contan con espazos de lectura informal, lectura individual, traballo en pequenos e grandes grupos, recuncho de ciencias, emisora de radio, recursos de robótica e impresión 3D, set para gravación de audiovisuais e moitos outros servizos e oportunidades. Todos estes recursos están ao servizo da exploración, a investigación e o traballo colaborativo de todos os membros da comunidade educativa.

Son, ademais, espazos inclusivos porque atenden ás necesidades de todo o alumnado do centro, cun mobiliario que facilita a comunicación e a convivencia, ao servizo das actividades e pensado, especialmente, para facilitar traballo en común.

Biblioteca inclusiva

Un dos principais desafíos do Plan LÍA 2016-2020, e que continúa vixente para o próximo período, foi o de avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva para unha maior atención á diversidade, o que supón a transformación das bibliotecas escolares en espazos que eliminen as barreiras entre as persoas e os recursos, que ofrezan polo tanto, mellores recursos culturais e prácticas e actitudes máis integradoras, para contribuír á eliminación das desigualdades sociais permitindo o acceso aos recursos culturais máis básicos, e sendo un aliado nas políticas para combater o fracaso, a exclusión e o abandono escolar.

No período de vixencia do Plan investíronse máis de 1,7M€ para melloras en mobiliario e equipamento e para ampliación da colección, en prol dunha biblioteca máis inclusiva. Entre os recursos que puideron adquirir atópanse pantallas táctiles, teclados adaptados, tabletas, mesas de luz, lupas, material audiovisual, fondos documentais, software e hardware adaptado, e mesmo algúns dos centros crearon espazos sensoriais e de acougo dentro das biblioteca. Así mesmo, desde a propia Xunta elaboráronse materiais específicos, organizáronse actividades formativas, ampliouse o programa de *Mochilas viaxeiras* (lotes de libros da biblioteca que se envían aos fogares en réxime de préstamo para estimular a lectura en familia) con novos recursos sobre inclusión e sobre lectura adaptada, impulsáronse iniciativas de lectura apoiada con cans (*Lecturas no Canmiño* e *EnCÁNtame ler*) e foméntase a participación de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos clubs de lectura.

Alfabetizacións múltiples



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital e desenvolver programas para a mellora da competencia informacional e mediática son outros dos desafíos en que se avanzou de xeito considerable nas bibliotecas galegas nos últimos anos.

Neste sentido, o programa *Biblioteca creativa*, en que actualmente están integrados 102 centros (no 2016 eran só 20 centros) situados prioritariamente no ámbito rural, ten como obxectivo introducir a linguaxe da programación, así como impulsar a utilización de pequenos robots e outros medios propios da cultura *maker* en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, o razoamento lóxico, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación e o xogo. De forma paulatina, foron introducíndose tamén impresoras 3D e recursos similares para a aprendizaxe manipulativa.

No relativo á competencia informacional, para facilitar a adquisición de habilidades e destrezas no uso, tratamento, avaliación e produción de información, destaca o programa *Radio na biblio*, en que xa participan 110 centros de ensino de toda Galicia, fronte aos 20 que comezaron coa iniciativa no 2017.

Profesorado e familias

O profesorado é, sen dúbida, o principal pilar do éxito do modelo de bibliotecas escolares galegas, que contribúe á súa extensión a través da difusión de boas prácticas e da súa propia actualización de competencias.

Desde o inicio do programa de bibliotecas escolares de Galicia apostouse por unha estreita colaboración coa rede de formación do profesorado no deseño, organización e desenvolvemento de actividades de formación no ámbito das bibliotecas escolares. No período 2016-2020 desenvolvéronse un total de 1.097 accións formativas, centradas na xestión e dinamización, na educación documental, no fomento da lectura e na atención á diversidade.

Outro dos alicerces do sistema é a implicación das familias na formación lectora dos máis novos. As bibliotecas escolares galegas son espazos de encontro, convivencia, de aprendizaxe e de compensación das desigualdades, en que as familias teñen un importante papel nas actividades como colaboradoras e como destinatarias de parte das actividades, a través de iniciativas como as *Mochilas viaxeiras* ou os *Clubs de lectura*.

No curso 2019/2020 o 57% das bibliotecas integradas no PLAMBE planificou actividades para as familias. O 66% das nais e pais colaboraban directamente nas actividades da biblioteca escolar nos centros integrados nesta rede.

Aprendizaxe por proxectos

Propiciar o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás, con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas é outro dos obxectivos das políticas postas en marcha en materia de bibliotecas escolares, principalmente a través do Concurso de Traballos por Proxectos coordinados ou realizados co apoio da biblioteca escolar, do cal acaba de convocarse a cuarta edición.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ao seu abeiro, no curso 2019/2020 o 84 % das bibliotecas promovía o traballo por proxectos e o 96 % do alumnado dos centros desta rede facía uso cotiá da biblioteca para a aprendizaxe.



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA INICIA A CONSULTA PÚBLICA DO PROXECTO DE LEI SOBRE
PREVENCIÓN DAS ADICCIÓNS EN MENORES**

- ***A nova normativa servirá para actualizar os criterios e os principios que dan soporte ás medidas de prevención das condutas adictivas que desenvolven tanto as administracións públicas como o resto de entidades que realizan o seu labor neste ámbito***
- ***Instaurará, por primeira vez na lexislación galega, medidas de prevención doutras adicciós sen substancia e da problemática ocasionada polo uso das tecnoloxías dixitais e, en particular, coas relacionadas co uso das redes sociais e os videoxogos***
- ***As tres substancias psicoactivas máis consumidas pola mocidade galega son o alcohol, o tabaco e o cannabis: o 72,5%, 35,9% e 25,7%, respectivamente, refiren telas consumido algunha vez na vida***

O Consello da Xunta acordou esta mañá iniciar o trámite de consulta pública previa do Proxecto de Lei sobre prevención das adicciós en menores en Galicia. Para isto recollerá, a partir do Portal de Transparencia e de encontros con diferentes entidades, suxestións sobre as medidas e contidos que deber incorporar o texto.

Entre os principais obxectivos da futura lei está o de actualizar os criterios e os principios que dan soporte ás medidas de prevención das condutas adictivas que desenvolven tanto as administracións públicas como o resto de entidades, organizacións e institucións que realizan o seu labor neste ámbito. Tamén busca introducir limitacións á venda e subministración, ao consumo e á publicidade, promoción e patrocinio das principais substancias psicoactivas, como medidas que darán soporte aos cambios que se lle piden á sociedade, e que implican superar actitudes de permisividade e normalización do seu consumo. Así mesmo, recollerá medidas específicas respecto a outras substancias psicoactivas.

Ademais a Lei sobre prevención das adicciós en menores en Galicia vai instaurar, por primeira vez na lexislación galega, medidas de prevención doutras adicciós sen substancia e da problemática ocasionada polo uso das tecnoloxías dixitais e, en particular, coas relacionadas co uso das redes sociais e os videoxogos.

Con esta nova normativa, búscase solucionar problemas como o elevado consumo de substancias, legais e ilegais, por parte da mocidade e a idade temperá en que os mozos se inician no consumo. Tamén pretende solucionar a dispersión das normas relativas a venda, subministración, consumo, publicidade, promoción e patrocinio das principais substancias psicoactivas, coa conseguinte dificultade para o seu coñecemento por parte da cidadanía e das institucións. Así mesmo, abordará medidas fronte ao incipiente desenvolvemento de problemática relativa a videoxogos, uso problemático de internet e das redes sociais.

Datos da enquisa Estudos

En 2019 fixéronse públicos os resultados da última enquisa Estudos, que analiza cada dous anos as tendencias de consumo dos rapaces que cursan ensinos secundarios en España



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

(14 a 18 anos). Segundo esta enquisa, as tres substancias psicoactivas máis consumidas pola mocidade galega son o alcohol, o tabaco e o cannabis: o 72,5%, 35,9% e 25,7%, respectivamente refiren que as consumiron algunha vez na vida. Tamén preocupa o consumo de hipnosedantes entre a mocidade cun 16,1% algunha vez na vida e un 6,3% nos últimos 30 días.

Por outra banda no 13% do alumnado de Galicia de entre 14 y 18 años detéctase un posible uso compulsivo da internet, sendo os de 18 anos os que rexistran a maior prevalencia (16,6%).

Á vista destes datos, a Consellería de Sanidade considera que é necesario e oportuno elaborar unha nova lei que englobe as diversas actuacións e normativas autonómicas en materia de prevención das condutas adictivas.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 5 MILLÓNS DE EUROS Á ÁREA SANITARIA LUGUESA PARA FACER FRONTE Á PANDEMIA DA COVID-19

- ***Este orzamento dedícase a adquisición de bens e materiais, así como á contratación de servizos e a realización de pequenas obras na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos***
- ***A práctica totalidade do orzamento vai para a compra de material sanitario e material de laboratorio***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor de 4.718.117 euros, para a adquisición de bens e materiais, así como á contratación de servizos e a realización de pequenas obras na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

A práctica totalidade deste orzamento vai destinado á compra de material sanitario, con 2.110.146 euros e material de laboratorio por valor de 2.147.222 euros. A adquisición de material sanitario comprende, sobre todo, equipamento de protección como batas, máscaras e luvas de diversos tipos, solución hidroalcohólica e pantallas de protección, así como contedores de residuos e transporte de mostras.

No referido ao material de laboratorio, o referido orzamento recolle a compra de distintos reactivos, controis, calibradores, test serolóxicos e de antíxenos e diversos consumibles tales como hisopos e pipetas, básicos para a realización do diagnóstico da covid-19 nos laboratorios de microbioloxía

Ademais destas cantidades, tamén se destinan 95.000 euros a servizos de transporte, 80.793 euros para tarefas de limpeza e aseo, 37.076 euros en produtos farmacéuticos, 23.863 euros para mantemento de equipamentos para procesos de información e 20.597 euros para traballos de mantemento de edificios e outras construcións. O orzamento complétase coa adquisición de vestiario, e arrendamento de maquinaria, de instalacións e de utensilios entre outros.

A adquisición de todo este material e a contratación dos servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA MÁIS DUN 30 % A ACHEGA Á FUNDACIÓN SÁLVORA PARA A TUTELA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***O Goberno galego destina este ano 120.000 euros ao convenio de colaboración coa entidade, que vela polos intereses e as necesidades destas persoas***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde ao incremento de máis dun 30 % á achega que o Goberno galego realiza á Fundación Sálvora, dedicada á tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual por encomenda xudicial. Deste xeito, neste 2021 a entidade recibirá a través do convenio de colaboración 120.000 euros, mentres que o ano pasado eran 88.000.

A Fundación Sálvora é pioneira en Galicia no exercicio da función tutelar persoas con discapacidade intelectual. A través dela, vela polos intereses e as necesidades destas persoas para que poidan acadar un nivel óptimo de benestar e garantías de futuro.

Este incremento na achega enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia coas entidades que traballan no eido da discapacidade. Froito desta vontade, desde o ano 2009 Galicia duplicou o investimento nesta materia. Hoxe destínanse 126 millóns de euros a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma, mentres que hai 12 anos eran 65 millóns de euros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INVESTIRÁ ARREDOR DE 30 M€ NUN PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS QUE PREVÉ ACTUAR ESTE ANO EN MÁIS DE 58.000 HA DE MONTE E NUNS 5.000 KM DE PISTAS E VÍAS DE COMUNICACIÓN

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe este plan, que recolle tamén realizar labores de mantemento nos case 4.000 puntos de auga existentes na nosa comunidade e construír outros 222 novos***
- ***Esta planificación incorpora accións sobre a poboación e sobre o territorio, tanto con medios propios da Consellería do Medio Rural como cos contratados, así como as derivadas de subvencións ou convenios con outras administracións***
- ***Unha actuación novidosa, que se potenciará coa entrada en vigor da Lei de recuperación da terra, serán os polígonos cortalumes, para xerar discontinuidades da biomasa coa implantación de actividade agrogandeira***
- ***Tamén se fomentará a participación cidadá, mediante a súa formación en materia preventiva e coa cesión de material a diferentes colectivos sociais, unha iniciativa iniciada xa de forma piloto no concello ourensán de Lobios***
- ***O Centro Integral para a loita contra o lume de Toén, a primeira base aérea transfronteiriza con Portugal, o plan de pastos, as aldeas modelo ou as melloras no operativo son outras accións complementarias deste plan***

A Xunta investirá case 30 millóns de euros no plan de prevención de incendios forestais que recolle actuar ao longo do 2021 en máis de 58.000 hectáreas de territorio e nuns 5.000 quilómetros de pistas e vías de comunicación. O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre este plan, que prevé tamén realizar labores de mantemento nos case 4.000 puntos de auga existentes na nosa comunidade e construír outros 222 novos.

Esta planificación incorpora todo o relativo ás accións sobre a poboación e sobre o territorio para previr os lumes, tanto con medios propios da Consellería do Medio Rural como con aqueles obxecto de contratación ou encargo, así como tamén ás actuacións derivadas de subvencións do Goberno galego ou de convenios con outras administracións. O obxectivo destas accións preventivas é evitar que o lume se produza, e en caso de producirse, limitar ao máximo a súa propagación e minimizar os danos causados.

Dentro das accións dirixidas á poboación salientan as de carácter sociolóxico e de educación ambiental. Así, durante o ano 2021 continuarase co labor de divulgación en centros de formación a través do persoal dos distritos forestais. Está previsto organizar un número de encontros superior a 300 en toda Galicia, na liña do xa realizado ata o de agora. Tamén se implementará un programa de formación dirixido á poboación rural, con diferentes accións formativas a nivel de distrito forestal que terán como finalidade fomentar a concienciación e a implicación de todas as persoas que viven no agro para que sexan capaces de abordar medidas de autoprotección e prevención que lles permitan evitar os danos que poden causarlles potenciais incendios forestais.

Marco temporal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Canto ao seu marco temporal, este plan preventivo recolle actuacións que se desenvolverán, principalmente, durante o ano 2021, pero tamén as previstas ata a aprobación do plan do vindeiro ano, co obxecto de lograr a adecuación das infraestruturas preventivas e da rede de faixas de xestión de biomasa antes do inicio da campaña de alto risco. A próxima incorporación de persoal fixo descontínuo de seis meses, prevista para o vindeiro mes de maio, suporá un importante pulo para a execución destes traballos antes do comezo do período de alto risco.

En relación coas actuacións sobre o territorio, un eido importante vén dado polos traballos preventivos que realizarán o persoal do servizo, que se sumarán aos labores derivados das subvencións de Medio Rural para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor). Tamén se recollen os traballos enmarcados nos convenios de colaboración entre a Xunta e diferentes administracións, en particular coas entidades locais.

Así, en conxunto, o labor propio do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (Spdcif) e as obras preventivas que realiza de xeito directo a Consellería suman actuacións en máis de 5.500 hectáreas e en máis de 2.200 quilómetros de pistas, cun orzamento que supera os seis millóns de euros. No que atinxe ao resto de accións - subvencións e convenios- a estimación das actuacións sitúase en máis de 52.500 hectáreas e preto de 2.700 quilómetros de pistas, cun investimento total que supera os 23 millóns de euros.

Dentro das subvencións, destacan as destinadas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios. Así, as actuacións que se subvencionarán consistirán no control selectivo do combustible en áreas de vasa, faixas auxiliares de pista, rexenerado forestal natural así como na roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais. A finalidade é reducir a carga de combustible existente no monte e crear zonas con descontinuidade horizontal e vertical, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais. Estes traballos realizaranse sempre dentro do ámbito territorial do monte ou montes para os que a persoa beneficiaria solicite a subvención. Como novidade, na última convocatoria incluíuse unha actuación moi demandada polo sector durante os últimos anos, que consistirá na eliminación mecanizada do mato en faixas cortalumes xa existentes.

Neste sentido, outra actuación novidosa, que se potenciará coa próxima entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, será precisamente a creación de polígonos cortalumes, co fin de xerar descontinuidades da biomasa para frear ou atenuar o avance dos incendios mediante a implantación de actividade agrícola, gandeira ou forestal nestes espazos.

Dentro dos convenios inclúense os asinados coas entidades locais para a actuación de vehículos motobomba, a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e a contratación de brigadas, uns acordos que a día de hoxe se manteñen e estarán vixentes ata final de ano con 258 municipios e cinco mancomunidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Respecto do convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e coa empresa pública Seaga para a protección das aldeas, este conta cun orzamento de 7,7 millóns este ano. No seu marco, elaboráronse e entregáronse xa 232 plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais a outros tantos concellos, todos eles acompañados dun visor de traballo que permite determinar e visualizar as parcelas afectadas por faixas secundarias (as máis próximas ás vivendas).

Unha novidade que adopta este ano o plan preventivo -tamén dentro deste convenio de defensa das aldeas- é a potenciación da participación cidadá mediante a cesión de material a diferentes colectivos cidadáns, a través dos concellos. Así, como iniciativa pioneira e piloto, cedéronse recentemente diversos apeiros para a prevención á asociación medioambiental Xuresianos/Geresianos "Axuge" de Lobios (Ourense). O orzamento desta iniciativa -á cal se lle dará publicidade entre os concellos galegos, para que se animen a participar- permitirá a tramitación dun máximo de 25 iniciativas que suporán unha importante ferramenta para facilitar a implicación cidadá na materia.

Tamén, dentro do devandito convenio, reforzarase a execución de traballos mecanizados nos concellos adheridos mediante o emprego de tractores con rozadoira arrastrada e de brazo, que permitirá acadar unha superficie de actuación en áreas cortalumes de preto de 1.500 hectáreas, cunha previsión de dispor este ano, durante catro meses, dun total de 35 tractores.

Actuacións complementarias

Como actuacións complementarias deste plan preventivo salientan, por exemplo, as axudas para accións silvícolas que convoca anualmente Medio Rural. Así, cabe lembrar que permanece aberto o prazo de solicitudes ata o 5 de maio e que nesta convocatoria o orzamento bianualizado supera os 13 millóns de euros. Recóllense tanto achegas para realizar tratamentos silvícolas (prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible) como para levar a cabo outro tipo de tratamentos e, sobre todo, co fin de facer plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

Outras accións complementarias teñen que ver co plan de pastos en que está a traballar a Consellería do Medio Rural e que procura xerar superficie de pastos para o gando e, ao tempo, previr incendios. Esta iniciativa recolle ata catro fases de execución, coas que está previsto actuar en total nunha superficie aproximada de 2.250 hectáreas cun investimento total de arredor de 9,5 millóns de euros.

A primeira fase xa está rematada e trabállase na segunda, que beneficiará 30 montes veciñais pertencentes a 24 concellos galegos (con traballos en algo máis de 744 hectáreas). Estes súmanse aos 14 pasteiros xa realizados en montes veciñais en man común doutros tantos concellos ao longo da primeira fase, nunha superficie de máis de 560 hectáreas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste eido do labor complementario cómpre engadir tamén o papel que desempeñan, dende o punto de vista preventivo, figuras de recuperación de terras como son as aldeas modelo ou os polígonos agroforestais. En canto ás primeiras, na data de hoxe existen case 70 peticións para crear outras tantas aldeas. Delas, atópanse en trámite máis de 35, das que 22 xa teñen rexistrados os seus datos de actuación e que suporán a posta en valor de máis de 1.000 hectáreas, repartidas en case 18.000 parcelas duns 4.500 propietarios.

Con respecto aos polígonos, xa se foron levando a cabo, nos anos 2018 a 2020, diferentes proxectos piloto que serviron para deseñar a figura na futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, arestora en tramitación parlamentaria. En previsión ou xa executándose hai máis dunha ducia de iniciativas en diversos puntos da comunidade.

Tamén como accións complementarias, outros proxectos destacables son o Centro integral para a loita contra o lume, que se localizará na localidade ourensá de Toén e que se suma ás melloras das instalacións, do equipamento e do parque móbil do Servizo Anti incendios. Nestes eidos investiranse arredor de 15 millóns de euros, que permitirán poñer a andar o devandito centro como referente para a formación forestal continua e, entre outras cousas, adquirir seis novas motobombas e diferentes vehículos todoterreo, así como realizar melloras nas bases aéreas. Precisamente neste campo dos medios aéreos, cabe resaltar a recente aprobación do proxecto Interlumes, que permitirá dotar ao sur da provincia de Ourense coa primeira base transfronteiriza para a loita contra os incendios forestais. Investiranse máis de nove millóns por parte da Xunta e doutras institucións españolas e lusas, co fin de contar cunhas modernas instalacións que contribuirán a aumentar a resiliencia do territorio transfronteirizo, reforzando a capacidade operativa de resposta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

OS PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO XERARON 2.900 EMPREGOS NO CONXUNTO DA ECONOMÍA GALEGA DESDE 2016

- *Os oito grupos de dinamización socioeconómica do litoral de Galicia desenvolveron entre o 2016 e o 2020 preto de 500 proxectos que mobilizaron un investimento total de máis de 70 millóns de euros*
- *A actividade socioeconómica dos GALP supuxo unha contribución ao Produto Interior Bruto de Galicia de máis de 137 millóns de euros*
- *Un 80% das iniciativas dos grupos están centradas na diversificación e na valorización dos produtos da pesca, que concentran case o 80% da axuda pública concedida*
- *Os GALP contribúen a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, a promover o turismo sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego, entre outros aspectos*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar sobre o seguimento e avaliación da actividade dos oito grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) de Galicia para o desenvolvemento socioeconómico das zonas costeiras entre os anos 2016 e 2020. Este documento reflicte que os proxectos desenvolvidos por estes grupos en Galicia supuxeron unha actividade socioeconómica que permitiu xerar 2.900 empregos directos e indirectos a tempo completo no conxunto da economía galega e supuxo unha contribución ao Produto Interior Bruto de Galicia (PIB) de máis de 137 millóns de euros, o que representa un 0,22% do total.

O informe especifica que desde a primeira convocatoria de axudas a proxectos dos GALP, do ano 2016 se desenvolveron 487 proxectos que contaron cun total de axuda pública de máis de preto de 30 millóns de euros. Estes apoios catalizaron preto de 40 millóns de euros de investimento privado, é dicir, o sector privado investiu de media algo máis dun euro por cada euro de axuda pública recibida, que é cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), o que supuxo un investimento total de máis de 70 millóns de euros.

Dos proxectos desenvolvidos ou en desenvolvemento, máis do 60% son produtivos, é dicir, enfócanse a actividades de lucro potencial para o promotor do proxecto e os restantes non produtivos, aqueles que non supoñen o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non están suxeitos a unha actividade económica.

En relación aos obxectivos que marca o FEMP para o desenvolvemento socioeconómico das zonas costeiras, o informe destaca que case un 80% das iniciativas dos GALP están centradas na diversificación e na valorización dos produtos da pesca, proxectos que tamén concentran o 80% da axuda pública.

Ademais o 25% do total dos proxectos financiados están liderados polo sector produtivo, o comercializador lidera o 11% dos proxectos e o transformador o 6% e son as confrarías de pescadores e empresas comercializadoras de peixe as que máis proxectos teñen posto en marcha.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En canto aos proxectos desenvolvidos por cada un dos oito grupos, o documento analizado hoxe no Consello da Xunta reflicte que o GALP A Mariña-Ortegal puxo en marcha 103 proxectos cunha axuda pública de preto de 5 millóns de euros, seguido polo GALP Golfo Ártabro-Norte, con 83 proxectos e unha axuda pública de arredor de 2,7 millóns de euros e polo GALP ría de Arousa con 78 proxectos cun valor de subvención de máis de 4,4 millóns de euros.

Ao GALP Seo de Fisterra e Ría de Muros e Noia correspóndenlle 57 proxectos apoiados con máis de 6,3 millóns de euros de axuda, ao da ría de Pontevedra 55 iniciativas subvencionadas por un importe de máis de 3 millóns de euros e o da ría de Vigo-A Guarda puxo en marcha 44 proxectos cunha axuda pública de máis de 2,4 millóns de euros. Ademais, o GALP Costa da Morte desenvolveu 35 proxectos cunha subvención de preto de 3,4 millóns de euros e ao grupo Golfo Ártabro Sur correspóndenlle 32 iniciativas cunha axuda pública de máis de 2,2 millóns de euros.

Os GALP

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e a xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.